

SELECCIÓN DE DOCUMENTOS. TEMA 19. A CRISE DA RESTAURACIÓN

*Documentos que apareceron en exames PAU

Doc. 1-. Balance oficial de mortos na Guerra de Cuba (1898)

<i>Na guerra</i>	<i>1 xeneral</i>	<i>60 oficiais</i>	<i>1.314 soldados</i>
<i>Por feridas</i>	<i>1 xeneral</i>	<i>81 oficiais</i>	<i>704 soldados</i>
<i>Por febre amarela</i>	–	<i>313 oficiais</i>	<i>13.000 soldados</i>
<i>Por outras enfermidades</i>	–	<i>127 oficiais</i>	<i>40.000 soldados</i>
<i>Na travesía de regreso</i>	–	–	<i>60 soldados</i>
<i>TOTAL</i>	<i>2 xenerais</i>	<i>581 oficiais</i>	<i>55.078 soldados</i>

Doc. 2. “Quen debe gobernar despois da catástrofe” (Joaquín Costa, Discursos políticos, 1899)*:

“Non temos perdón de Deus; perdémonos porque queremos [...]. Parecía natural, digo, que en agosto do ano anterior se renovase o persoal da política española, [...] aínda que non fose máis que por un sentimento de pudor e de pública honestidade. Pois non, señores; no canto de se xubilaren eles, preferiron que se xubile a nación, que é tida xa en Europa como fóra de servizo, [...] e logo que se viron outra vez arriba, nin sequera se lles ocorreu variar de conduta; volveron facer o mesmo de antes: durmir, aprazalo todo para mañá, deixar que España estea cada vez máis lonxe de Europa, porque Europa segue avanzando e nós, parados [...].”

Doc. 3. Oligarquía e caciquismo (Joaquín Costa, 1901)*:

“Non é a nosa forma de goberno un réxime parlamentario, viciado por corruptelas e abusos, segundo é uso entender, senón, ao contrario, un réxime oligárquico, servido, que non moderado, por institucións aparentemente parlamentarias. Ou, dito doutro xeito, non é o réxime parlamentario a regra, e excepción dela os vicios e as corruptelas denunciadas na prensa e no Parlamento mesmo durante sesenta anos; ao revés, iso que chamamos desviacións e corruptelas constitúen o réxime, son as mesma regra...”

Doc. 4. Artigo publicado na revista *El Ejército Español* en 1905*:

“Aos separatistas cataláns dilles que xa rematou a época das contemplacións; que de hoxe en diante non se poderá berrar „Morra España!” sen que quen o berre saiba que é perigosísimo o berralo. Aos gobernos dilles que tamén pasou a época en que poidan amosárense débiles; que é preciso arrincar de raíz a semente separatista custe o que custe. E ás Cortes dilles así mesmo que se por imprevisión dos lexisladores non hai leis contra o separatismo, as fagan axiña, porque entremetres o Exército aplicará a lei suprema, a que dita o seu inquebrantable amor a España unha e intanxible”.

Doc. 5. Lei de xurisdicións (1906)*

“DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España: A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte: [...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. E coa de arresto maior nos seus graos medio e máximo a prisión correccional no seu grao mínimo os que [...] instigaren directamente á insubordinación en institutos armados ou a apartarse do cumprimento dos seus deberes militares a persoas que sirvan ou estean listas a servir nas forzas nacionais de terra ou mar [...]”.

Doc 6. Proclama do Comité de folga de 1909

“Considerando que a guerra é unha consecuencia final do réxime de produción capitalista. Considerando, ademais que, dado o sistema español de recrutamento do exército, só os obreiros fan a guerra que os burgueses declaran. A asemblea protesta enerxicamente:

1. Contra a acción do Goberno español en Marrocos
2. Contra os procedementos de certas damas da aristocracia que insultaron a dor dos reservistas, das súas mulleres e dos seus fillos...

Chama á clase obreira a concentrar todas as forzas, por se houbera que declarar a folga xeral para obrigar ao Goberno a respectar os dereitos que teñen os marroquís a conservar intacta a independencia da súa patria. “

Doc. 7. Noticia do mitin celebrado no teatro Variedades de Madrid (Diario de Barcelona, 12 xullo de 1909)*:

“Efectuouse esta mañá o mitin convocado polo comité Socialista para protestar contra a guerra. Presidiu o señor Largo Caballero, quen expuxo o obxecto do acto. Despois de falaren algúns concorrentes fíxoo Pablo Iglesias, que estimou que toda guerra é prexudicial, e para España o é a de Marrocos [...]. Os reunidos aprobaron as seguintes conclusións: pedir ao goberno que non envíe forzas a Marrocos e que retire as que alí ten, e pedir autorización para celebrar o domingo unha manifestación de protesta contra a guerra.”.

Doc.8.-Letra da canción popular “En el barranco del popular”

En el barranco del lobo
hay una fuente que mana
sangre de los españoles
que murieron por España.

Pobrecitas madres cuanto llorarán
al ver que sus hijos a la guerra van.

Ni se lavan ni se peinan
ni se ponen la mantilla
hasta que vuelvan sus novios
de la guerra de Melilla.

Pobrecitas madres, cuanto llorarán
al ver que sus hijos a la guerra van.

Melilla ya no es Melilla
Melilla es un matadero
donde van los españoles
a morir como toreros.

Pobrecitas madres, cuanto llorarán
al ver que sus hijos a la guerra van

Doc.9.- Xunta da Arma de Infantería. Regulamento. 1916

Art.1. Constitúese a Xunta de Defensa da Escala Activa da Arma de Infantería para traballar pola súa mellora e progreso, para maior gloria e poderío da patria; para defender o dereito e a equidade nos intereses colectivos e individuais dos membros dela desde a saída da Academia ata o emprego de coronel inclusive. (...) Outro dos seus fins é fomentar o verdadeiro compañeirismo, mutua axuda e perfecta e lendaria cabaleiriosidade, desenvolvendo estas virtudes na oficialidade e velando polo decoro e o prestixio profesional, perseguindo (...) por unha parte, os medios e facilidades para que poida adquirir e perfeccionar o oficial as aptitudes profesionais e, por outra parte, que mellore a súa situación económica e renaza a interior satisfacción que nace dos seus entusiasmos ao comezar a súa carreira, coa confianza na xustiza e equidade con que serán apreciados os seus méritos e esforzos.

Doc.10.- A UGT e a CNT convocan unitariamente a folga xeral en agosto de 1917*:

“Pedimos a constitución dun Goberno Provisional que asuma os poderes executivo e moderador, e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes Constituíntes que aborden en plena liberdade os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se acade ese obxectivo, a organización obreira está absolutamente decidida a man-

ter a súa actitude de folga. Cidadáns: non somos instrumentos de desorde, como na súa impudicia nos chamman con frecuencia os gobernantes que padecemos. Aceptamos unha misión de sacrificio polo ben de todos, pola salvación do pobo español, e solicitamos o voso concurso. ¡Viva España!”

Doc.11.- Comunicado da Asemblea de Parlamentarios de Cataluña (asinado entre outros por Lerroux e Cambó, 1917):

“Os representantes en Cortes de Cataluña, ante a gravidade e transcendencia dos momentos actuais, sen quebranto das súas particulares conviccións políticas que integramente manteñen, coinciden en afirmar:

A.-Que é vontade xeral de Cataluña a obtención dun réxime de ampla autonomía

B.-Que é de gran conveniencia para España transformar a organización do Estado baseándoa nun réxime de autonomías que, adaptando a súa estrutura á realidade da vida española, aumente a súa cohesión orgánica e facilite o libre desenvolvemento das súas enerxías colectivas.

E en adoptar os seguintes acordos:

1º Pedir ao Goberno a inmediata reunión das Cortes para que as mesmas, en funcións de constituíntes, deliberen e resolvan sobre a organización do Estado e a autonomía dos Municipios e dean solución inmediata ao problema militar e aos que as circunstancias actuais suscitan con presa inaprazable para a vida económica de España.

2º Comunicar o anterior acordo ao Goberno, e, en caso de non obter a inmediata convocatoria das Cortes, convidar a todos os senadores e deputados españois para que concorran a unha Asemblea extraoficial que se delibere sobre os extremos consignados no acordo anterior, e cuxa primeira reunión tería lugar nesta cidade o día 19 do corrente”.

Doc.12.- O desprestixio de Afonso XIII nos anos 20, reflectido nas memorias de Arturo Barea (A Forxa dun rebelde)

“Toda a porcallada do “Narigón”[alcume do Rei Alfonso XIII] está agora saíndo a relucir: os millóns que [lle pagaron] para abrir as casas de xogo, o Palacio de Xeo e o Casino de San Sebastián, (...). Está nas minas do Rif (...) e no abastecemento de camións para o exército (...); e aínda por riba de todo, a lea de Marrocos (...): Unha historia sucia, porque resulta que é el o responsable do desastre. Escribiulle a Silvestre, ás agachadas de Berenguer, e díxolle que seguise adiante. Din ata que, cando Annual acababa de ser conquistado, lle mandou un telegrama a Silvestre (...) e cando se lle falou da catástrofe e dos miles de mortos que había, dixo: “A carne de galiña é barata”. Claro é que todos os reaccionarios estano defendendo nas Cortes, pero os republicanos e os socialistas están pegando duro. Ademais, hai outra cousa: agora que están mandando forzas expedicionarias e todos os Fulanos que escaparon co seu diñeiro de ir a Marrocos teñen que ir, aínda que non queiran, moitos dos liberais queren que se depure a cousa. Séntalles como un tiro que teñan que perder os seus cartiños e se a man vén, os fillos. De todas as maneiras, unha cousa é certa: vai haber un proceso (...). Un proceso para establecer a responsabilidade do que pasou en África. Os xenerais están que rebentan de rabia. Ata ameazaron cun pronunciamento como nos tempos de Isabel.

Doc.13.- Sucesión de Gobernos (1917-1922)

1917	19-4	Concentración liberal	1	m es	22	d í a s
	11-6	Conservador (Dato)	4	"	22	"
	3-11	Concentración liberal	4	"	19	"
1918	22-3	Concentración nacional	7	"	17	"
	9-11	Concentración liberal			26	"
	5-12	Liberal (Romanones)	4	"	10	"
1919	15-4	Conservador (Maura)	3	m	5	d
	20-7	Conservador	4	"	22	"

	12-12	Concentración	4	"	23	"
1920	5-5	Conservador (Dato)	10	"	3	"
1921	8-3	Goberno interino			5	"
	13-3	Conservador (Cierva)	5	"	1	"
	14-8	Concentración	6	"	24	"
1922	8-3	Concentración conservador	8	"	29	"
	7-12	Concentración liberal	9	"	8	"

Doc.14.- Chacón [Capitán de Artillería] Declaracións [no Expediente Picasso]. 1921

A evacuación de Igueriben fixo fraquear a liña de vangarda e determinou que o repregue a Annual, tanto do convoi como das forzas que o protexían, se fixese apresurada e desordenadamente. Despois deste momento reinaba en Annual a maior desorde, non só pola confusa chegada das forzas, senón por reunirse preto da tenda do xeneral, feridos, mortos e fuxitivos de Igueriben que daban ocasión a todo xénero de deprimentes comentarios. (...) Á porta da tenda do xeneral discutía acaloradamente un grupo de xefes, entre os que estaba o coronel Manella, xefe da posición, que protestaba porque era o único que votara na Xunta de Xefes por non abandonala e que estaba disposto a suicidarse cando iso ocorrese. A testemuña fíxolle observar que así deprimía a moral das tropas que o escoitaban, ao que lle respondeu o coronel que non lle importaba.

Doc.15.- Viñeta publicada no El Imparcial 12.11.1921



“Don Patricio investiga/ Está visto; aquí encontrará de todo menos responsabilidad”